



CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
3803/2017	A Xunta de Goberno Local

MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS, EN CALIDADE DE SECRETARIA ACCIDENTAL DESTE ÓRGANO,

CERTIFICO:

Que, na sesión desenvolvida o 12 de marzo de 2018 se adoptou o seguinte acordo:

Expediente 3803/2017. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN EN RUBÍN, BERRES, SANTA CRISTINA DE VEA, SAN XURXO DE VEA E PARADA"

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 02/03/2018, relativa á adxudicación do contrato de obra de "PAVIMENTACIÓN DE VIAS EN RUBÍN, BERRES, SANTA CRISTINA DE VEA, SAN XURXO DE VEA E PARADA"

Visto que dentro de prazo presentaron ofertas as empresas CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA); CONSTRUCCIONES RAFER S.L.; FRANCISCO GOMEZ Y CIA S.L.; MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA (MARCONSA); ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L.; e HORDESCON S.L.

Vistas as declaracións responsables e de empresas vinculadas, presentadas polas indicadas empresas.

Visto que, de conformidade co estipulado na cláusula 13 das do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativa á fase de negociación, enviouse un escrito aos cinco licitadores mellor clasificados, que resultaron ser COVSA, CONSTRUCCIONES RAFER S.L. e HORDESCON S.L., por ser as que obtiveron as tres mellores puntuacións no cómputo total (suma das puntuación do sobre B e máis do C); e FRANCISCO GOMEZ Y CIA S.L. e ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L., por ter, xunto coas anteriores, a mellor puntuación nas melloras do sobre B, para que formularan contestación, ben confirmando a primeira oferta presentada ou ben mellorando a mesma.

Concello da Estrada



Visto que as empresas CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA); CONSTRUCCIONES RAFER S.L.; FRANCISCO GOMEZ Y CIA S.L., e ARINES OBRAS Y PROYECTOS S.L. presentan unha segunda oferta que melloraba a presentada inicialmente.

Visto que a mercantil HORDESCON S.L. presenta na segunda oferta un CD sen ter nada gravado, polo que se entende que se confirma na primeira oferta presentada.

Visto que, como consecuencia do anterior, e unha vez efectuados os cálculos correspondentes, resulta que a empresa CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA) resultou ser a que presentou a oferta máis vantaxosa para o Concello.

Visto que presenta a inscrición da indicada empresa no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, o cal, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen esta licitación, considérase suficientemente acreditado o cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores).

Visto que tamén presenta a documentación relativa á póliza de responsabilidade civil e certificado acreditativo pola entidade aseguradora de que se atopa ao corrente dos pagamentos.

Visto igualmente que presenta o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

Visto o informe favorable da Intervención municipal, emitido con data 02/03/2018.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Adxudicar o contrato da obra “PAVIMENTACIÓN EN RUBÍN, BERRES, SANTA CRISTINA DE VEA, SAN XURXO DE VEA E PARADA”, por importe de 155.111,99 euros a CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS S.A. (con CIF nº A36008886 e enderezo na Rúa Herminia Fariña Cobián, Baixo - 36003 Pontevedra), con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

Así mesmo deberá executar as melloras previstas no Anexo III do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, por importe de 14.749,54 euros, de conformidade coa oferta presentada.



Segundo.- Formalícese o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación.

Terceiro.- Notifíquese o presente Acordo aos outros licitadores.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º do Sr. Alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233